



ANUNCIO DO TRIBUNAL PARA O PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE BOMBEIRO/A-CONDUCTOR/A DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, GRUPO C, SUBGRUPO C2, INCLÚIDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN LIBRE.

RESULTADO DO CUARTO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal Cualificador, o día 01 de outubro de 2020 para proceder á cualificación do cuarto exercicio, sobre coñecemento do idioma galego, puntuándose este exercicio de cero (0) a dous(2) puntos, o resultado foi o seguinte:

CÓDIGO	RESULTADO
298	1,44
426	1,38
560	1,91
591	1,75

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os/as aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

Os aspirantes que non presenten as alegacións a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra ou directamente no rexistro xeral do Concello deberán achegalas, tamén, por fax (886212843) no mesmo día da súa presentación para non interferir nos prazos de realización da seguinte proba.

CONVOCATORIA PARA O QUINTO EXERCICIO.- O tribunal acorda que a realización do quinto exercicio obrigatorio e eliminatorio das **PROBAS PSICOTÉCNICAS**, que terá lugar **as 09:30 horas do día 09 de Outubro de 2020**, na **Sala de Reunións do Edificio municipal da rúa Michelena, núm 30, segundo andar**, dispoñendo que pola secretaria se convoque aos opositores para a devandita data.

